

A miña Galicia

Malle Raet



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

Orixinal:

Malle Raet “ Minu Galicia”, 2020

Tradución ao galego: Fran Sequeiro “A miña Galicia”, 2020

Tradución ao inglés: Mai Raet “My Galicia”, 2020

Ilustracións: Malle Raet

Todos os dereitos reservados. Obra realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia. Esta publicación non se pode volver publicar nin copiar sen o permiso do autor.

Ferrol, 2020

TABOA DE CONTIDOS

PRÓLOGO	3
EXPLICACIÓN	5
CAMIÑO DE SANTIAGO	9
ENTÓN QUE É DIFERENTE AQUÍ?	13
A maldición australiana	19
Ten o paraugas a man	24
A lingua rexional	28
Franco	30
Metro a metro	33
VIRXE, NON TOCADA POLO TURISMO	34
Man de Camelle	37
ARQUITECTURA	39
Fóra de servizo	46
UNHA SEGUNDA PRIMAVERA	48
PORCO Á TERNEIRA	52
Festival do Polbo	60
POR ÚLTIMO, PERO NON MENOS IMPORTANTE	62

PRÓLOGO

Aquí tes a historia dunha persoa. Unha historia persoal que desexo compartir contigo, viaxeiro. As seguintes páxinas tentarán brindarche unha visión profunda sobre Galicia e a súa cultura do mesmo xeito que a descubrín eu. Espero que estas palabras consigan motivarte a explorar os seus encantos locais e que este proceso atope un camiño ata o teu corazón deixando unha pegada nel. Só hai un camiño, o teu. Viaxeiro, goza da túa viaxe. Iso é máis importante que calquera outra cousa. Bo camiño!

Eu tamén lin outras historias. Relatos diferentes, crónicas exóticas. Ti, querido lector, tes a túa propia historia, as túas rutas e camiños aínda por descubrir. Todo o que facemos deixa unha marca atrás. Esa é a miña mensaxe neste libro. Espero que sexa coma o bater das ás dunha bolboreta que pode chegar a provocar furacáns en lugares distantes. Desexo que esta humilde narración te leve a outras historias moito máis grandes.

Pola miña parte, despois de dous anos vivindo en terras galaicas, decateime de que estes bosques, costas

e paisaxes me pertencen e que, dalgún xeito, eu son parte deles. Pero hai outro motivo polo que xurdiu este libro. A saber, presentar Galicia, o oasis verde de España, ao mundo. Galicia, aínda que forma parte de España, ten un carácter bastante distinto que non coincide coa popular imaxe de sol eterno e festas na praia... Pero, basta de cháchara! Mergullémonos agora en Galicia, a miña Galicia.

Quero expresar o meu agradecemento a Fran e Mai sen os cales este texto non vería a luz en galego e ao inglés, facéndoo accesible a unha maior variedade de viaxeiros bibliofílicos de todo o mundo.



EXPLICACIÓN

Onde estou e como cheguei aquí?

Chámome Malle. Probablemente o nome non che diga nada; a fin e o cabo é tan só unha combinación de letras elixida polos meus pais, sen contar coa miña opinión. Máis relevante é afirmar que son unha persoa curiosa e que me gústa descubrir diferentes contornas, culturas e persoas. Isto adoita acontecer estando en ruta, cando deixo a zona de confort caseira moi atrás. Compartir estas liñas contigo forma parte do reto sobre todo cando intento ser o máis honesta posible. Espero que teñamos a oportunidade sumerxirnos nun diálogo imaxinario e que o noso tempo sexa ben investido descubrindo xuntos Galicia.

En 2017, cando o meu pequeno barco chamado Mestría de Educación Artística se achegaba rapidamente á terra, xa me decidira a que antes de comezar a chamada vida adulta, visitaría a Terra de Jauja por última vez. De que maneira? A resposta: o Servizo Voluntario Europeo (SVE). Pero que clase de cousa é esta? En poucas palabras, é un programa que permite que unha persoa de entre 17 e 30 anos se ofrezca voluntario nun país estranxeiro por un período

de tempo limitado segundo os seus intereses e desexos. O contido e a duración dun proxecto depende segundo a persoa.

A miña elección de país era obvia. España, por suposto. Pero, por onde comezar? Había tantas organizacións diferentes en España, e as descricións dos proxectos ofertados parecían tan confusas... O meu destino decidiu que tiña que ser Ferrol. Pero naquel momento o nome soábame a chinés, non sabía que se refería a un punto da xeografía española. Eu estaba perdida, os meus escasos coñecementos flotando lentamente na miña mente coma unha alga. Moi ben, abrín ó todopoderoso Google e escribín Ferrol. Nada significativo saíu na pantalla. Marabilloso! Imos dirixirnos ó outro deus que todo o sabe, YouTube. Pero ningunha luz brillou pola nube do descoñecemento. Todo o que me quedaba eran pequenos anacos: pequena cidade portuaria, segundo a Wikipedia, un lugar bastante húmido dicíame Accuweather... situado na provincia da Coruña en Galicia. O tema da humidade preocúpame. Teño que recoñecer que son coma unha avoa: todas as miñas articulacións renxen e estalan cada vez que o mal tempo decide aparecer.

Que fago? O proxecto parece bo, coincide cos meus intereses. O meu traballo consistiría principalmente en ofrecer novas emocionantes oportunidades educativas e culturais, por exemplo clases de arte, noites de cine, eventos culturais etc., para a comunidade local. Contade comigo! Diverso, educativo e ademais reforza a disciplina positiva. Pero aínda así... de verdade quero arrastrarme pola néboa durante os próximos dez meses? Dez meses son case un ano. E, con todo, o proxecto, aínda parece atractivo. E así vou, dun lado para outro. Malle, veña, compórtate e non sexas tan indecisa. A vida é como unha bicicleta, se paras caes, había que tomar unha decisión. Montar a onda e ver onde me leva? polo menos, poño a miña vida en movemento. O meu corazón e a intuición dixéronme que tiña que ir a Galicia, pero a miña mente racional dixo "non" teimosamente. Despois dunhas palabras de ánimo de amigos, que me dixeron que quizais hai tesouros, agochados entre a choiva e a néboa galegas, á espera de que os descubran, por fin decidínme. Non importa o que poida pasar, vou ver o que a vida ten para ofrecer. Finalmente, seis meses despois, comezaría a miña vida en Galicia.

O meu avión aterrou no aeroporto da Coruña o 2 de setembro de 2017, contra as 11 da mañá. Pasara unha

noite sen durmir e lémbrome de que a cabeza me batía como un martelo golpeando un cravo. As portas baixo o cartel EXIT abríronse e entrei na zona de chegadas con paso decidido. Comeza a aventura.



CAMIÑO DE SANTIAGO

Bo camiño!

Que sería Galicia sen o Camiño de Santiago? “El camino” non é só unha palabra senón unha aventura, un desafío, un redescubrimento.

Dende a Idade Media, peregrinos de todos os recunchos do mundo viaxan a Santiago de Compostela, a cidade santa. España é unha terra chea de rutas de peregrinación que levan a Santiago. As rutas son como regatos de auga que desembocan nun lago. As rutas de peregrinos son fáciles de seguir xa que están marcadas con frechas amarelas que apuntan á dirección correcta. Ás veces, a frecha amarela vai acompañada dunha cuncha de vieira amarela. A cuncha de vieira é coma o amuleto máxico do peregrino. Adoitaba traer boa sorte, pero ao mesmo tempo servía para un propósito práctico: os peregrinos empregaban as cunchas como cuncas para a comida e a auga. Un enfoque moi consciente do medio ambiente. Hoxe en día, a cuncha é máis como unha insignia para recoñecer os peregrino, o seu logotipo. Se ves a unha persoa que leva unha mochila cunha cuncha colgada, podes estar seguro, é unha desas persoas que están a pór a proba o seu corpo e

mente, é dicir, un individuo que asumiu o reto do Camiño de Santiago. Ti, querido lector, tamén estás de viaxe e só ti sabes o que te fixo abandonar a túa vida diaria e seguir o camiño onde a única certeza é seguir avanzando.

O Camiño de Santiago faise por etapas. A ruta transcorre por máxicas aldeas medievais, viñedos e demais lugares naturais onde descansar os ollos e a mente. Mesmo se logras evitar encontros con outras persoas, ver as vacas é inevitable. É case imposible viaxar por Galicia sen atopar vacas ou cabalos.

Un peregrino oficial é unha persoa que camiñou polo menos 100 km (200km se é en bicicleta) antes de chegar á cidade de Santiago de Compostela, só así ten dereito a recibir un certificado de peregrino. Mais ó final a duración da andaina é unha decisión persoal. Moitos prefiren o Camiño Francés, uns 800 km de ruta, o máis popular. Outros optan polo Camiño Inglés que ten só uns 120 km de longo. Todo depende das preferencias e circunstancias persoais. Na miña opinión, canto máis longa sexa a ruta, máis tempo terás para reconstruírte.

Por termo medio, un peregrino camiña uns 25 km ao día e fai noite nos albergues, aloxamentos públicos

con entre 20 e 30 camas nun cuarto. Pasar unha noite alí custa uns 5-6 euros. Por suposto, sempre é posible quedar nun hotel, pero para vivir unha experiencia completa que che axude a desconectar, pasar as noites nos albergues é esencial; coñeces a xente de ámbolos dous lados do Atlántico, cada cal coas súas propias historias e contos que contar.

Estiven no Camiño e podo asegurar que é adictivo despois da primeira vez chega a segunda e a terceira... Unha vez peregrino, sempre peregrino.



ENTÓN QUE É DIFERENTE AQUÍ?

Toca dicir algunhas palabras sobre o lugar onde vivo e traballo. Non me quero converter nunha profesora de xeografía, pero unha pequena introdución sobre a natureza local non fai ningún dano. Se a miña breve descrición non é suficiente e tes ganas de máis, suxiroche que fagas a maleta e veñas ver Galicia cos teus propios ollos; unha imaxe vale máis que mil palabras e, sendo en vivo xa non digamos.


Vale, chega o momento de despregar o mapa e arrastrar co índice cara ao noroeste de España nesa especie de cadrado ao norte de Portugal. Todas estas cidades con estraños nomes conforman Galicia, unha das rexións máis singulares de España. A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra: son as súas catro provincias. Como ocorre coas persoas, cada unha delas ten o seu propio rostro e carácter. Eu estou en Ferrol, unha pequena cidade da provincia da Coruña que un pouco máis adiante vou describir con máis detalle. Pero, antes de nada, algunhas observacións xerais.

Sigamos por un momento as ondas que conforman e púen a costa rochosa. As peculiares esculturas, creadas pola propia nai natureza, son impresionantes á vez

que caprichosas. É como camiñar por un parque natural de esculturas. Non é difícil imaxinar a época dos dinosauros e doutras bestas fantásticas cando este tipo de terróns de pedra xigantes formaban parte normal da paisaxe. As rochas coas súas escuras fisuras labirínticas son un hábitat natural, ademais dun santuario para moitas pequenas criaturas mariñas. Nestas rochas, entre as ondas que azoutan, pódense ver algúns atrevidos locais collendo billetes. Espera, como pode ser iso? preguntas abraiado. Ben, esta é a cousa. Os billetes mencionados non son un diñeiro real, obviamente, senón unha especie de crustáceos que habitan os cantís rochosos da costa galega. Por algunha razón, escura para min, estes moluscos considéranse un manxar exclusivo e, polo tanto, proporcionan unha importante fonte de ingresos para os pescadores locais. O nome destas criaturas non é outro que percebes (*barnacles* en inglés).

O caso é que os restaurantes pagan moitos cartos pola mercancía. Os valentes recolectores poden chegar a cobrar uns 150 euros o quilo. Non está mal! Os cazadores de fortuna con fame de adrenalina reúnen en grupos e van apañar percebes a pesar da súa perigosidade. A colleita de percebes non é para os débiles de corazón: durante os períodos de tormenta, as ondas que chocan contra as rochas poden elevarse

ata os 12 metros, o que fai desta unhas das profesións máis arriscadas do mundo.




Pero as ondas galegas tamén atraen a outro tipo de xente, os surfistas. No verán, Galicia convértese nun verdadeiro paraíso dos amantes do surf. Os aparcadoiros preto das praias convértense en campamentos provisionais. Os surfistas non só de Europa senón de todos os recunchos do mundo apuntan ás costas do noroeste de España. A maioría dos turistas estranxeiros veñen de Alemaña e Francia. Son, na súa maioría, mozos con espíritos libres que perseguen as ondas que lles prometen felicidade e unicornios. Con todo non me queda claro como estes neohippies poden custear as furgonetas de luxo nas que descubren o mundo.

Un dos mellores lugares para cabalgar ondas é Doniños, unha praia moi concorrida durante a tempada estival preto de Ferrol. Ofrece todo o que un turista pode desexar: area dourada, boas ondas, un bosque de piñeiros perfumados, rutas de sendeirismo e chiringuitos con vistas de luxo pero con prezos accesibles para todo os petos.

Alí é doado atopar visitantes alemáns, familias nacionais e xubilados que decidiron investir os seus

aforros mercando unha casa con rodas, tamén coñecida polo nome de autocaravana, e agora están na explorar a súa segunda xuventude nun dos últimos segredos gardados por Europa: Galicia. Como que segredo? O feito é que contando con grandes tesouros naturais e paisaxísticos, o lugar aínda non foi estragado polo turismo de masas tal e como aconteceu en moitas outras rexións de España. Os prezos dos bares (eses santuarios hispanos) son razoables e accesibles para todos. De feito os veciños consideran que é un paraíso para as persoas maiores: a pensión non é moi elevada, pero aínda así permite facer moitas cousas alén de ficar na cola da farmacia á espera de canxear a receita das pastillas. Se hai un bo lugar para envellecer, ese é España. Non hai mentalidade de “cando eu era novo, a herba era máis verde”. Todo o contrario, os avós aquí teñen unha vida social moi activa. A mentalidade dos maiores é un tema en si mesmo e volverei a iso máis adiante.



A maldición australiana

O bosque autóctono galego parece saído dun conto de fadas: enterrado baixo musgos verdes e fentos, é difícil distinguir onde remata o chan e onde comezan as árbores. As hedras enrédanse ao redor de troncos grosos coma se fosen serpes verdes que tentan chegar cada vez máis alto, máis preto dos nutrientes raios solares. Nas proximidades, pódese escoitar un chorro de bosque escintilante e, se te preocupas en mirar máis lonxe, podes atopar unha fervenza que brilla, a auga xorde das rochas cunha forza inmensa, salpicando por todos os currunchos. As pozas chaman os viaxeiros a quitar a roupa e avaliar a frescura da auga, especialmente no verán. O líquido cristalino permite ver ata o fondo do cauce do río descubrindo a súa flora e fauna. Mergullándose, a auga xeada fai que o bañista ría de adrenalina despertando unha emoción infantil que leva a botarse unha e outra vez.

Podes sentir a sombra dun trasno? Quen sabe, os bosques autóctonos de Galicia fan crer que ben poden ser o fogar desas criaturas máxicas. É doado imaxinar como, despois de que os humanos se recollen nas súas casas, saen dos seus escondites, chanceando uns cos outros mentres corren o vento, saltan polas pedras e fan outras cousas de trasnos... Volvendo á terra e

restaurando o ton máis realista, compre dicir que a árbore máis común aquí é o carballo. É dicir, nos bosques autóctonos que quedan en Galicia. A escena real, por desgraza, non é tan idílica. Aínda que, obviamente, sempre depende do punto de vista.

O eucalipto chegou a Galicia no século XIX. Crese que un monxe misioneiro importou algunhas sementes de Australia e as espallou pola pola costa. Na década de 1940, o eucalipto converteuse nun cultivo en masa para a industria madeireira e de produción de celulosa. Un verdadeiro éxito: o crecemento económico fomentou a proliferación desta especie. Todo ben, ata que se o mundo se decatou que o eucalipto era un demo disfrazado. Unha auténtica peste. Unha árbore que sobrevive ata ao lume. O que non é de estrañar, dado que a planta é orixinaria de climas secos e quentes típicos de Australia e Tasmania onde tolerar circunstancias hostís é fundamental.

Cunha velocidade digna de admiración, o eucalipto medra ata os 30-50 metros de alto. De cultivo rápido, o eucalipto está a avasallar outras especies como unha praga. Iso foi o que pasou en Galicia. Non todo o que reloce é ouro e a árbore industrial que ao principio parecía tan prometedora, resultou ser un inimigo que permaneceu incontrolable ata hoxe. Vale, o eucalipto

é útil para a fabricación de pasta de papel, pero a que custo? Os eucaliptos realmente medran rapidamente. Unha vez atopado un lugar cómodo para botar raíces, derraman a súa casca coma unha pel de serpe e, dese xeito, crean un chan infertil ó seu arredor. Cando isto acontece, podes esquecerte de dar un paseo polo frondoso bosque. Mesmo atopar un lugar recollido onde atender a chamada da natureza pode resultar imposible. Non me malinterpretes, non teño nada contra a árbore en si, simplemente non me gusta que se espalle demasiado.

Xa basta de falar sobre os bosques de eucaliptos, agora presentareiche algo diferente, algo chamado camelias. Se nunca escoitaches falar delas, entón deberías saber que son fermosas plantas ornamentais. Eu chámolles “rosetóns” para min porque as súas exuberantes flores son semellantes ás rosas pero con bordos máis suaves. Que carrusel de volantes e *faralaes*! A paleta de cores vai desde o bordeos ao branco puro. As camelias florecen de novembro a febreiro, o que parece raro xa que non estou acostumada a ver nada florecer nesta época do ano. Imaxina que andas a vagar por aí e, de súpeto, frondosas flores saen da follaxe verde coma nenas con saias de tutús brillantes. Malia ser unha planta foránea, vén do Xapón, non hai xardín galego que non conte con varios exemplares.

As hortensias e os lirios tamén gozan do húmido e suave clima galego. Ámbalas dúas crecen coma se fose herba e os lugareños parecen ignorar, por exemplo, a sublime elegancia estilo cisne dos lirios de auga. As plantas, percibidas como flores rexias polos habitantes do norte, son tratadas aquí sen moita consideración: se medran en todas as partes, que se pode facer senón deixalas medrar? Á fin e ao cabo non son precisamente prexudiciais nin feren a vista. O mesmo ocorre coas hortensias. É completamente normal que algúns arbustos de rama forte con cabezas de flores azuis celestes saian da terra coma se fosen cogomelos. Como estoniana, unicamente atopara tales xigantescas flores cabezudas nas tendas de plantas. E como os lirios, crecen por todos lados, con flores en todas as cores do arco da vella. A planta está tan ben aquí que non pode deixar de compartir a súa beleza producindo fermosas flores novas. Ao final sempre hai algo florecendo en Galicia. Nunca hai un momento de absoluta falta de cor. Aquí, nos parques sempre se atopa algo agradable á vista.



Ten o paraugas a man

“Que queres dicir, que non hai sol? Estás en España, polos cravos de Cristo!” Si, xeograficamente falando, estou en España... en teoría. Pero como para moitos de nós, a vida ensinoume que a teoría e a práctica non van necesariamente da man. Galicia non é unha parte típica de España e precisamente por iso sinto que preciso darche máis información sobre a natureza especial da rexión tal e como a coñezo e como escoitei falar dela á xente do lugar.

Deixémolo claro dunha vez por todas: Galicia non é a Costa do Sol. Como mencionei antes, aquí hai moita costa, dun estilo diferente ás dóciles praias mediterráneas. As rochas altas batidas polo Atlántico danlle ao litoral o seu carácter específico. Está ben, tamén hai area, pero salvaxe e ruda son os adxectivos máis axeitados sobre o tema. Salvaxe e ruda como os celtas que desembarcaron nas costas galegas, estableceron asentamentos e sentaron a pedra angular da cultura local hai miles de anos.

En Galicia sempre é aconsellable levar un paraugas contigo. Mirando pola ventá pola mañá, pode que esteas convencido de que será un día cálido e solleiro. A medida que avanza o día, ás veces só se trata dun

par de horas, o ceo comeza a cubrirse. É así que comeza a choiva. Chove e chove. Segue a chover, é o que queda. A auga é gratuíta, por suposto, pero chovendo tan a miúdo acabas por non apreciar o agasallo. Non esaxero, creme. A próxima vez que vexas a previsión meteorolóxica na TV, olla o noroeste do mapa de España. Viches un signo en forma de nube con pingas de choiva? Aposto a que si.

Galicia— chuvia, sol e arco da vella. Nunca vin tantos arcos da vella como en Galicia. Non, non quero dar a impresión de que estou a piques de formar un partido político dirixido contra a choiva. Esa é simplemente a natureza de Galicia. E, ademais, podes imaxinar escoitar unha sardiña batendo a cola na superficie da auga polas mañás cargada de densa néboa. O aire está tranquilo e puro. Ás veces, tamén se escoita a chamada das campás da igrexa de Santiago, destino dos peregrinos, e o vagabundo temperán, rodeado pola néboa, pode deixarse levar un pouco. Non só as pequenas pingas de auga no aire, senón tamén a maxia que crean tras elas, son un alimento para os soñadores.

A maior parte da choiva cae durante o outono e o inverno, que é de novembro a marzo. Parece un pouco familiar? Do mesmo xeito que no norte de

Europa? De novembro a marzo, o gris manda. Por iso, para min, Galicia é como a Estonia de España. Non só polas estacións grises que teñen en común, senón tamén pola xente. Ao mencionar o español, por algunha razón, a imaxe dunha criatura vénme á cabeza, unha criatura extravertida, ruidosa, de sangue quente e apaixonada que fai gala dun habano cunha man mentres xira a unha fermosa dama coa outra, xuntos beben viño e gozan dos acordes de tango nunha guitarra flamenca tradicional. Non, meus queridos amigos, este non é o caso. A descrición non se adapta a un español de verdade, e moito menos a un galego. En comparación con outros españois, os galegos son máis calmados e introvertidos. Igual que en Estonia. Supoño que ao final todo se reduce ao clima.

En xeral, a xente aquí é tranquila, amable e sempre disposta a axudar. Ás veces nin sequera tes que pedir axuda, veñen ofrecéndoa eles mesmos. As familias galegas son grandes e por iso as casas tamén son grandes. Non é raro ver casas a medio rematar onde se pode dicir que a conta bancaria non podía seguir a ambición. En consecuencia, quedaron atrás moitas mansións incompletas á espera de que chegue Godot. É xusto culpar a alguén polas ter ilusións e soños? Ao final, hai que soñar en grande, din. O truco aquí é

seguir avanzando cara aos sonhos como un búfalo nunha xistra de neve; só avanzas cara adiante sen ter en conta a neve porque ves o destino no horizonte esperándote. Ben, non sei como acabo dando clases sobre búfalos, o único que quería era dar unha visión máis aguda da parte máis íntima da miña alma. Entón, imos rebobinar un pouco. Ou avanzar rápido... é todo relativo, non si? Por certo, a relatividade ante os sucesos da vida describe perfectamente o carácter galego.



A lingua rexional

Como dixen anteriormente, os galegos son hospitalarios e simpáticos. O que non mencionei é que ademais teñen un idioma propio, o galego. Sorprendido? Non se supón que falan español?

Ben, realmente teñen a súa propia lingua. Probablemente xa escoitaches falar do catalán porque aos cataláns gústalles aparecer nos medios. Hai que comercializarse dalgún xeito. Se, por algunha razón, estás ben informado lingüisticamente podes ter oído falar do éuscaro, a lingua vasca que se fala na rexión entre Francia e España na costa do Cantábrico. Pero, probablemente, é a primeira vez que oes falar de que existe a lingua galega. O caso é que en Galicia, a xente fala un idioma bastante similar ao español que soa como unha mestura de castelán e portugués pero complementado con moitos xes e outras peculiaridades. Algúns dos meus amigos internacionais describiron o galego como un híbrido de español e ruso. O teu propio oído é o mellor detective, así que é mellor que veñas aquí e escoites o idioma de primeira man. E repito unha vez máis, o galego non é un dialecto ou un acento, senón unha lingua propia. Lémbralo se non queres ofender a ninguén. Como é iso? A política lingüística na España

franquista prohibiu o idioma. Só se aceptaba o castelán puro e todo aquel que se atrevía a falar unha palabra en galego era tachado de labrador analfabeto. Pero os tempos cambiaron e unha vez rematada a ditadura de Franco, tamén o foi o acoso lingüístico. Agora, falar o idioma local está considerado unha cousa respectable, indicador dunha gran erudición. É así como os tempos, os costumes e a política poden cambiar e configurar a vida e as opinións da xente.

O meu contacto coa lingua local foi bastante divertido. Canto máis lonxe da cidade e máis sumerxido nas pequenas aldeas, máis “profundo” se fai o galego. Mención especial merecen as persoas maiores que adoitan adicarse ás charlas ociosas e ti as miras e as miras e nunca se pasa diso. Simplemente non entendes o que están a dicir, o significado escapase como unha bolboreta. Isto é exactamente o que sinto cando lle facemos unha visita á avoa de Fran (a miña parella). Alí sento fronte a ela, con todos os sentidos en plena alerta por captar algún tipo de anaco comprensible do seu discurso, intentando adiviñar o tema xeral do seu discurso. Ás veces teño éxito, ás veces non. Ás veces non conseguimos prender unha conversa coherente. Ben, polo menos as dúas intentámolo moito.

Franco

O mencionado compañeiro non é o meu personaxe histórico favorito, por dicilo dalgunha maneira, pero forma parte da historia de Galicia. Francisco Franco é coñecido pola historia como un líder totalitario español, un caudillo que chegou ao poder en 1939, despois da Guerra Civil Española (1936-1939). Tomou o poder absoluto e creou un réxime ditatorial que as persoas afectadas por el prefiren non recordar. Pero non te preocupes; non vou dar ningunha lección de historia de guerras. Vén o caso porque agora é Ferrol, o lugar de nacemento de Franco, a miña casa actual.

O domicilio de Franco estaba no centro de Ferrol. Para os moi interesados, podo darche un enderezo exacto: rúa María 108 (daquela a rúa chamábase rúa Frutos Saavedra). Pasei pola casa varias veces, ao principio completamente allea ao feito. Pero chamoume a atención unha lousa de pedra pegada á casa e fun inspeccionala máis de preto. Foi entón cando souben onde naceu o maníaco histórico. Sorpresa!

É algo extraño pasar por algún anaco de pedra gravada, percibindo a temporalidade do ser e a futilidade da vida. Mais evitemos as abstraccións

filosóficas que non chegan a ningures. Só desexo transmitir a epifanía que me sorprendeu cando mirei a placa e me fixo entender que miles de pares de pés percorreron a mesma rúa ca min, persoas que sufriron polo nome exacto escrito na pedra. Alí estiven diante da casa libre de dor e sufrimento, sentíndome máis que ben, para ser honesta. Aquí, en Ferrol, pódome permitir vivir a unha rúa de distancia sen que me saian as bágoas polas meixelas. Comparto un apartamento cunha persoa que amo e traballo no centro xuvenil local para facer do mundo un lugar mellor (espero). Non é un mal resultado, no que a min respecta.

Agora, de volta a Franco. Como mencionei anteriormente, el naceu en Ferrol e os veciños non están exactamente orgullosos diso. Por iso non quedan moitas referencias daquela época na cidade. Como dixen antes, Franco prohibiu o uso oficial da lingua local. Ademais, a construción naval, unha industria xa próspera, foi levada a alturas aínda maiores durante o seu réxime. A produción de moitos buques españois levouse a Ferrol e a cidade prosperou. Ferrol, xunto Rota, San Fernando e Cartaxena, é unha das bases navais máis importantes do país.

As forzas militares teñen unha presenza notable. Desde o primeiro día puiden percibir a fenda entre eles e o resto da cidade, representada pola muralla que corta unha determinada zona da ría onde se atopan o estaleiro naval, o Arsenal e outras instalacións militares. As paredes teñen un forte significado simbólico: illamento, discriminación, froita prohibida etc. Certamente non me gusta a colosal e esperpéntica parede que se estende desde o campus universitario ata o porto.

Unha vez tiven a oportunidade de asistir a unha visita guiada detrás do muro. Que emoción! Permitíronme pisar o terreo prohibido, ardendo de curiosidade. Por suposto, non me deixaron pasear nin a min nin a outros membros do grupo sen supervisión. Un home de uniforme vixiaba todos os nosos pasos para saber exactamente cara a onde iamos e, máis importante, cara onde non debíamos ir. Ao estar ao outro lado da muralla, descubrín a súa sombra que cae sobre a cidade e decateime de que Ferrol é un lugar fermoso cheo de posibilidades. Oh, sen non houbera muro! Sexa como for, as paredes máis grandes do mundo non están feitas con ladrillos. Espero que os meus ollos vexan o día en que caia a muralla e os veciños da cidade vexan o horizonte, os ceos azuis e os outeiros da baía cubertos de casas pouco dispersas.

Metro a metro

Pequenas parcelas: esa é Galicia. De xeito semellante á súa natureza, non me pararei moito no tema. Aínda non entendín se os paisanos son cobizosos ou demandan unha igualdade extrema, pero o caso é que a terra está meticulosamente dividida. Calquera que posúa incluso unha pequena cantidade de terreo asegúrase de que a propiedade estea visiblemente delimitada con muros de pedra, no mellor dos casos esteticamente falando, pero normalmente con refugallos facilmente dispoñibles como caixas de plástico, postes, portas antigas, somieres de camas... A creatividade da xente do rural non ten límites, sobre todo cando se trata de sacar o lado práctico das cousas, outras consideracións veñen despois. Os meus amigos locais chámanos feísmo. O feísmo é unha violación da estética dun xeito que só a xente de aquí é capaz. Realmente non o entendo, por que é necesario deslindar cada anaco de terra? Realmente indica riqueza? Non teño nin idea e polo de pronto non vou meditalo máis. Ao final, non chego a ese nivel de comprensión. Quizais sexa só unha expresión cultural: á fin e ao cabo “cada tolo co seu tema”. A diferenza da xente do sur, aos galegos só lles importa o seu propio terreo.

VIRXE, NON TOCADA POLO TURISMO

Meu querido viaxeiro, se non tes cartos para os billetes de avión á selva amazónica, non te preocupes, ven a Galicia! Atrévome a suxerir que en España non hai outra rexión tan virxe como Galicia. Por algunha razón, a maioría da xente nunca vai mais aló que de descansar nas praias de area do sur sen chegar a explorar o norte. Ao final, que se pode facer nun sitio de neboa pechada? É moito mellor deixar que o sol divino luza sobre ti para despois mostrar con fachenda de volta a Leeds ou Dortmund o fociño queimado polo sol.

Se algún turista visita Galicia, é probable que proceda doutras partes de España. No verán a metade de Madrid fai as maletas e diríxese cara á costa norte coma aves migratorias. Aínda que eles escapan da calor e non do frío. Hai espazo suficiente en Galicia e un non está obrigado a tomar o sol, como lobos mariños amoreados na praia.

A zona de ría, salpicada de aldeas, ten un ritmo bastante diferente no verán. Tales vilas máis próximas a min, por exemplo, son Redes, Ares e Mugardos. Nunca antes vira zonas con tal cantidade de casas baleiras. Se a UE, coas dores de cabeza que lle dá a política de inmigración, recolocase en Galicia a todos

os solicitantes de asilo, aínda sobraría espazo. Bromas á parte, realmente hai bloques enteiros de edificios de apartamentos deshabitados cubertos de po por dentro e por fóra.

Galicia está chea de rutas de sendeirismo. O problema é que están mal indicadas. Precisarás atopalas accidentalmente ou que alguén che dea indicacións. Pero, querendo, tes a posibilidade de gastar bota como Deus manda.

Aquí, camiñar é un tema en si mesmo. Por que? Milleiros de peregrinos que viaxan a Galicia para visitar a catedral de Santiago de Compostela seguramente saben a resposta. Facer o Camiño de Santiago é unha experiencia extraordinaria, como xa ben saberás.



Man de Camelle

Un home que decidiu escapar da vida social pero que, sen querer converteuse nunha figura recoñecida. Curiosidades da vida! Podes correr pero non podes agocharte; o vento do destino é o que dirixe as nosas vidas invencible. Mesmo retirarse a un lugar abandonado por Deus como Galicia non axudou. Na vila mariñeira onde vivía construíuse un museo que celebra o seu legado, fíxose unha película baseada na súa vida e escribíronse libros sobre el. Quen é o home do que falo?

Manfred Gnädinger foi un alemán que chegou á aldea de Camelle, Galicia, a principios dos anos 60 para visitar as festas tradicionais do Espírito Santo e nunca marchou. Durante as seguintes décadas levou un estilo de vida ascético vivindo nunha cabana que construíra para si; a súa única fonte de ingresos eran os turistas que mercaban a súa artesanía. Un verdadeiro Robinson Crusoe dos nosos días, o único que lle cubría o corpo era un taparrabos. Sei que soa inverosímil, pero esta é unha historia real, non a estou inventando. A súa cabana, construída xunto ao océano Atlántico, e as esculturas que facía seguen alí aínda, aínda que só se conservan parcialmente. Por que é iso? En 2002 ocorreu o maior desastre ambiental de

Europa fronte ás costas de Galicia, un petroleiro chamado Prestige afundiou e acabaron chegando toneladas de petróleo á praia onde vivía Manfred destruindo o seu xardín de herbas e esculturas. Ese mesmo ano morreu Man. Hai unha lenda que di que morreu de melancolía pola tristeza que a catástrofe lle provocara. Só podo imaxinar como debeu ser: nunha fermosa mañá levántase, mira fóra da súa cabana e non pode crer nos seus ollos, o cerebro négase a acollelo. O traballo de toda a súa vida destrúese ante os seus propios ollos. Esa escena tivo que ser desgarradora. Algúns incluso din, quizais para engadir algo de cor á historia, que a noite anterior ao fatídico día Manfred soñara cunha xigantesca balea negra que viñera por el. Quen sabe? se cadra previu o seu destino. Pero con certeza, era un home que se rebelaba contra o statu quo. Quería seguir o seu camiño, vivindo a súa vida nos seus propios termos. Para a sociedade contemporánea de consumo masivo, é un exemplo perfecto dun estilo de vida minimalista. Non ten por que ser tan extremo, pero certamente non che doerá un estilo de vida un chisco máis consciente. Creo que todos deberíamos ser máis parecidos a Manfred e, se cadra, acougar cando perseguimos cousas, persoas e o mundo.

O popular folclore estoniano di que un home aprende mentres vive aínda que sempre morre ignorante... e pobre porque á Parca non lle importan os cartos e a riqueza. Preocúpalle máis unha longa lista de almas que pode levar consigo, o brillante ouro non a distrae. E esa foi a historia sobre Man de Camelle.

ARQUITECTURA

Cada cidade ten o seu atractivo. Hai unha historia detrás de cada edificio, adoita haber unha razón pola que algo é como é. A arquitectura fala de tempos gloriosos xa pretéritos, dálle a un lugar o seu carácter único con toda a cor, o ritmo e a composición.

Unha das primeiras cousas que me chama a atención son as fiestras. Todas as casas teñen (normalmente) xanelas, entón que pode haber tan especial nelas? Si, quizais non se trate tanto das fiestras senón de como se organizan. En moitos lugares de Galicia as fiestras teñen a ambición propia das paredes. Así hai rúas cheas de galerías enmarcadas en branco que fan que as cidades galegas parezan labirintos de fiestras. A inspiración vén ao parecer da construción naval onde as pequenas prazas de cristal estaban colocadas unhas

preto das outras. Aquí todo flúe xunto sen esforzo: Galicia e a cultura marítima están estreitamente vencelladas.

Volvendo á cuestión da cultura e da historia, hai un museo en Santiago de Compostela onde calquera persoa interesada na historia local pode ver cos seus propios ollos como vivía a xente de aquí e, polo tanto, quizais comprender mellor a orixe da paisaxe humana. Non obstante, ó museo (do Pobo Galego) debes ir con tempo, hai moito que ver.

Volvendo ao tema das fiestras, son coma espellos que reflicten as superficies que as rodean. Nun día solleiro, as nubes brancas e esponxosas non só están no ceo, senón tamén nos escaparates das casas das persoas. Cando a situación está situada na beira do mar, as ondas únense ao ceo azul e ás nubes no cristal da xanela; toda a cidade é unha mostra xigante de branco e azul. Espectacular! Pintoresco á par que fresco. Os edificios aquí son xeralmente grandes e contundentes, polo que as delicadas fiestras suavizan a aspereza dos edificios de pedra e engaden graza en xeral.

Repito, as casas tradicionais galegas están feitas de pedra. As casas de madeira son raras. Se un se asenta e decide construír o seu propio niño, é mellor que

quede firmemente pegado ao chan. Que tipo de material de cimentación podería ser mellor que unha pedra maciza? Os alicerces de pedra son, naturalmente, só o comezo, porque o resto da casa tamén está construído a partir de pedra. E como xa dixeran, é imprescindible que unha casa sexa grande. Casa grande, propietario rico. Iso é o que parecen pensar os veciños. Ou quizais só sexan os transmisores da tradición da construción de xeración en xeración, de século en século. Na antigüidade había unha xustificación para unha casa ampla: gran familia, animais domésticos e todo o que leva consigo. Co paso do tempo o tamaño medio dos fogares diminuíu e as liñas das familias nucleares tradicionais borráronse. A xente non vive colectivamente como antes, diferentes xeracións viven baixo tellados separados. A pesar de todo, os delirios de grandeza sobreviviron. E quizais sexa bo como é, porque convén ter suficiente espazo para pasear dentro da casa cando o tempo ao aire libre non resulte apetecible. Un par de voltas pola casa e a dose diaria de camiñada queda cumprida sen ter que exporse ós elementos. Unha esaxeración? Quizais non tanto...

Non obstante, unha casa non é o único edificio que forma parte do paquete tradicional. Tamén hai que ter un hórreo, un hórreo galego. É un edificio

específico do noroeste da Península Ibérica, un edificio estreito e longo de pedra e madeira levantado do chan por piares. Vamos, un almacén elevado. Os hórreos encóntranse principalmente no campo e usábanse orixinalmente para gardar o grao para os animais. O hórreo era unha parte elemental dunha granxa e empregábase activamente antes de que a agricultura moderna se apoderase do campo galego. Aínda se poden atopar moitos vellos hórreos e incluso se están construíndo moitos novos por mor da tradición das xeracións pasadas. As tradicións só se conservan se se transmiten.

O tamaño do hórreo de pedra amosaba a profundidade do peto do dono. Canto máis rico é o dono, máis grande é o hórreo para que todos o poidan ver e envexar. Porque, que sentido senón ese teñen os piares? A ventilación e a prevención dos roedores foron só escusas (chiscadela-chiscadela).

A pedra é un material de construción marabilloso, pero o que non é tan marabilloso é a humidade que axuda a acubillar. A humidade está en todas as partes, tanto dentro como ao aire libre. Benvido a Galicia! No verán é un alivio escapar da calor e arrefriar o corpo contra a fría pedra interior. Pero no inverno é o mellor para aliviar a sensación de frialdade. Aínda que

o verdadeiro reto é lavar a roupa. Proba a ver que pasa... ou que non. Con toda a humidade, aquí non seca nada.



Simplemente non o fai. A roupa colga dunha corda e máis que secar, semella absorber humidade coma unha esponxa. No inverno podes deixar fóra as túas mantas unha semana enteira e aínda estarán molladas. Comparado con iso, o verán é unha felicidade total: só tes que botar as roupas ao sol, unha brisa seca e, á noite, a roupa recén lavada está lista para ser dobrada e gardada nos armarios. Pero se queres esquecer estes problemas domésticos e te atreves a probar algo un chisco porco, suxeriría espazar o uso da lavadora o maior tempo posible.

A humidade fai nacer o mal. Despois de ducharse, é moi aconsellable abrir as fiestras do baño, se non é como se lle deses vitaminas ao balor permanente dos currunchos. Pero o ambiente húmido non é so o caldo de cultivo de cousas desagradables. No inverno, o aire é tan húmido que as plantas de interior poden pasar sen ser regadas. Tiven un caso, cando non reguei as plantas durante un mes enteiro e non lles pasou nada. Sacaron do aire toda a auga necesaria; sen medo a quedar sen ela. Pola mesma razón, o musgo e o lique son tan exuberantes aquí. Non hai lugar mellor que Galicia para descansar nos troncos das árbores como sultáns e beber pingas de auga.

Cruceiro. Outra pedra da que falo. Esta vez, trátase dunha robusta cruz de pedra. Hai moito tempo, atopamos un período no que os galegos adoraban as plantas e as árbores. Segundo a mitoloxía celta, todo posuía unha esencia espiritual, mais algúns lugares tiñan unha ánima especial. As relacións coa igrexa oficial eran afastadas. Os pagáns celtas loitaban contra as forzas da natureza ao tempo que as honraban con profundo respecto. Pero nestas que chegaron os misioneiros católicos e pensaron que sería bo chantar unha cruz alí onde había unha árbore ou unha pedra sagrada. Supoño que axudaría a reciclar o credo. Iso non significa que todos os cruceiros sexan conmemorativos. Pódense atopar cruces de tres a catro metros de altura tanto nas cidades como nas vilas.

Agora imos a algún sitio máis social. O que non quere dicir que a natureza e os bosques sexan aburridos. Pero os lugares dos que falo son definitivamente máis concorridos. A saber, bares e cafeterías. A cidade está tan chea deles coma os camiños de caracois despois da choiva. Aquí, pasar o tempo e gozar da vida en bares e cafeterías considérase un dereito humano. Concordo completamente coa idea.

Os bares tradicionais teñen pinta de covas. Cuartos pouco iluminados, con luces febles e mobles doutro século. O tipo de bares onde os mariñeiros buscaban entretemento polas noites. Pero só nos bares auténticos e pasados de moda e non os que semellan saír dun catálogo IKEA, poderás atopar o “Galego regularis”. Nestes bares orixinais podes estar seguro de atopar unha máquina recreativa e un televisor nunha esquina que pon a melodía de fondo. O único que compite coas rexoubas locais é a retransmisión do fútbol. Se a xente pide un circo, non tes máis que ofrecer murmuracións e fútbol.

Fóra de servizo

Cada lugar ten a súa época dourada. O Século de Ouro galego pide un novo Rexurdimento: moitas tradicións do sistema social non son algo obvio aquí. Por exemplo, un horario de transporte público fiable, un concepto bastante básico na maior parte do mundo occidental non é tan elemental aquí. Por que habería que saber a hora exacta na que chega e sae un autobús dun lugar determinado? Iso é polo menos o que parecen pensar os responsables políticos galegos. Hai tempo... finalmente pasará un autobús dun xeito ou doutro. Pasar, pasará, pero non toda a poboación de

Galicia está formada por pensionistas que se poden dar o luxo de practicar a filosofía zen en días laborais. Á fin e ao cabo, a vida é como un río e o tempo é unha construción abstracta, non é preciso dividila en segmentos, non si? Pero si, o sistema de transporte público galego presenta graves deficiencias.

Agora, despois de dous anos vivindo aquí, aínda estou intentando aceptalo. Dende o primeiro día, resultoume extremadamente difícil entender como é posible facer plans sen un calendario preciso. De verdade, como? Quizais estou sendo demasiado alemá? Aquí, se un autobús urbano pasa cada 40 minutos, considérase unha solución aceptable. Un excelente exercicio filosófico: nunca se sabe cando pasa un autobús, polo que sempre debes estar preparado para aproveitar a oportunidade que xurda. Quizais soe un pouco cínica, pero non o son. En realidade, gústanme as pequenas aventuras da vida, pero “vivir la vida loca” do transporte en Galicia amola un chisco.

Do mesmo xeito eu pensaba que mercar un billete directamente a un condutor de autobús de longa distancia é unha actividade absolutamente aceptable. Ben, non o é. En moitas cidades galegas é necesario mercar un billete de autobús no mostrador antes da

saída. Se non o fas, entón, síntoo, bota unha carreira ata a oficina para conseguir os teus tickets e dá grazas se non perdes autobús. Se tes sorte e lle caes simpático ó conductor, pode que che venda un billete directamente como un acto altruísta. Galicia está na periferia de Europa, polo que é comprensible que a innovación chegue cun certo atraso. Pero un día chegará o momento (espero) en que os billetes de bus estean dispoñibles para mercar na estación, directamente do condutor e incluso dixitalmente. Por soñar que non quede.

UNHA SEGUNDA PRIMAVERA

Anciáns que inspiran

Gustaríame compartir os meus pensamentos sobre ese segmento de poboación considerado “inactivo”, é dicir, os pensionistas. Vou escribir sobre os anciáns, por que os quero e por que me resultan inspiradores.

Probablemente estou a pintar un cadro moi xenérico, pero teño un estereotipo sobre os estonios. Cando chegan aos cincuenta anos adoitan converterse en roñóns que comezan a divagar sobre a morte coma se estivesen intentando cavar a súa propia tumba.

Actitude respectable, pero sempre me atraeu máis a xente e as situacións que celebran a vida. Danme a ilusión de apoderamento e as ilusións son necesarias para apuntar ao futuro cun amplo sorriso na cara.

En Ferrol (e en case toda Galicia) predominan as persoas maiores dado que a maioría dos xoves emigraron a pastos máis verdes sen intención de regresar: non hai demasiadas emocións ou oportunidades que aten unha alma nova e aventureira a esta terra. Pero volvendo aos vellos, aos hedonistas locais. Alí están, nos cafés e nas terrazas de toda a cidade, de charla, compartindo consellos médicos, maldicindo o goberno e, se o escenario é un pouco máis rural, mantendo acalorados debates sobre cando arrancar as patacas. Eles socializan. A comunicación mantenos frescos e vivos. Os avós barallan as cartas ou organizan fichas de dominó. Os "vellos" saen das súas casas aínda que teñan rodas ou muletas no canto de pernas. O humano é un animal social e aquí é perfectamente observable. Gústame, encántame. Confeso que ás veces vou aos parques unicamente para ver o documental en directo que sucede ante os meus ollos. Estou encantado de ver a vida vibrando a través dos seus corpos esgotados. Ademais das cafeterías, hai outras oportunidades recreativas, como os locais sociais que ofrecen cursos de idiomas, clases

de ioga e pilates, así como obradoiros de pintura. Todo o que a alma ansia, está fóra. Aquí, a xeración máis vella está chea de vitalidade.

Faime moita graza cando visito un centro de saúde, porque está ateigado de persoas maiores. Parece que para eles ver un médico é un evento por si só. Ademais, ver un médico é só unha excusa para acicalarse e xuntarse. Ás veces teño a sospeita de que en realidade están todos ben. Non quero facerlle inxustiza a ninguén, a saúde é un tema moi sensible, pero paréceme que os centros de saúde son os mellores lugares de encontro. Non fai falla abrir un perfil en Facebook, Instagram ou o que sexa. Anímote, querido lector, a seguir o exemplo dos vellos e vellas españois (no meu caso, galegos) que dominaron a arte de facer limoada, cando a vida lles dá limóns. A vida é unha bendición, non un castigo.



PORCO Á TERNEIRA

Cociña galega, que podes atopar no teu prato?

Queridos vexetarianos, escribo con moita tristeza para informaros de que Galicia non é un lugar para vós. O meu sincero pésame a vós, veganos tamén. Repito, Galicia non é un lugar para vós. Aquí as plantas son só para os ollos. É unha hipérbole, pero a verdade cóntase nos chistes, din.

A cociña tradicional galega e o clima local son, probablemente, os elementos que mellor definan o país. A carne está aquí, alí e en todas partes. Comecemos coas imaxes: en bares e tendas, anacos de xamón colgan do teito coma cestas de flores. Non son só patas de porco. Chámase xamón *serrano*, grandes cachos de carne que levan varios meses secando ao aire. Aquí é unha cousa case sagrada. Non é que sexan moi lindos de ver, pero, con todo, a moita xente encántalle. Non direi eu que hai que comer ou non comer, todo se reduce a opcións e preferencias persoais. Trátase de que, cando e como consumimos. Por exemplo, cando vou comer fóra a miúdo atopo carne que non pedín no meu prato: alguén a puxo alí

intencionadamente. Que vou facer ao respecto? Así que acabo pedindo unha tortilla. É unha cousa segura coa que contar. Aínda que sempre teño que especificar que me gustaría que a tortilla estivese ben feita. Se non, sérvense patacas recneas de ovo cru. É considerado tenro e succulento, non comparto esa opinión. A escena envía arrepíos pola miña columna vertebral. Afortunadamente, normalmente chego a un acordo cos camareiros e tráenme un prato de patacas dourado e crocante. Ten un sabor divino, aínda que lle quitan o sabor cun aceite excesivo. Aquí é coma un gran McDonald's: todo está frito, todo. Nunca antes vin tanto aceite na miña vida. A comida é moi brillante, ás veces teño moitas ganas de pedir unha servilleta e secar a comida antes de comela. Non obstante, as boas maneiras impídenme facelo.

A comida é excesivamente graxa e as porcións son enormes, así que unha boa barriga é aínda unha cousa moi respectada. Pode ser unha tradición transmitida de xeración en xeración, unha reminiscencia de agricultores pasados que precisaban precisamente unha comida pesada para poder pilotar o arado e os bois. Pero hoxe en día gastar toda esa enerxía, especialmente nunha cidade, pode ser un desafío. Aínda así, agradezo a xenerosidade.

Falando de xenerosidade, non son só os restaurantes. Déixame ilustrar a miña experiencia. Digamos que saes a tomar unha taza de café. Tomas o teu momento especial ou compártelo con alguén para celebrar a vida. Pides un café e, ademais, sen sequera preguntar, traénche galletas ou un anaco de biscoito. Así, de balde. Só pagas o café. Unha vez máis, parece que aquí é un dereito humano ter algo de comer mentres tomas un café. O mesmo ocorre co viño e a cervexa, deben vir acompañados de patacas fritas, olivas etc. Noutras partes de España a avaricia xa acabou cos hostaleiros xenerosos, sen tapas gratuítas, o camareiro só che dá a benvida cunha factura. Ao principio estaba un pouco confusa porque me servían comida que non pedía, cal é o truco? Pero axiña me decatei de que así se fan as cousas aquí. Agora moléstame se non recibo os meus aperitivos gratis. Que rápido nos acostumamos o bo!

Que máis dicir da cociña galega? O marisco é unha cousa importante aquí, seguro. Todo o que se pode apañar no mar bótase na pota ou na tixola. Unha sorpresa foi para min a carne de quenlla. Si, quenlla. Podes imaxinar que é o tiburón branco da película, o máis perigoso para os humanos. En realidade, o tiburón que se come en Galicia chámase marraxo e é moito máis pequeno. Probeino e ten gusto de

calquera outro peixe. Só a primeira vez foi algo especial, sabendo que estou a piques de comer un escualo de verdade. Mais agora xa resulta unha cousa bastante trivial: cando comeza a rutina, a emoción de algo novo desaparece e as experiencias xa non saben o mesmo.

Teño que confesalo, cústame comer algo que ten (tiña) unha cara. Miralo aos ollos... e despois enterralo no estómago. Nos últimos anos fíxose cada vez máis difícil facelo. Apenas como carne dende que cheguei a Galicia. Non me gusta que me chamen vegano ou vexetariano ou algo equivalente. Só son unha persoa normal que non come carne, iso é todo. Non me gusta que me poñan unha etiqueta. Para min, é demasiado dogmático e radical, estas cousas non fomentan resultados construtivos na miña opinión. Pero non se trata das miñas preferencias gastronómicas, trátase dunha vida colorida en Galicia.

A sopa, unha das miñas comidas favoritas, aínda non se descubriu en Galicia. Por que botar auga á comida habendo cervexa? Portugal é o lugar máis próximo onde un amante das sopas atopa algo onde meter a culler. Hai tantas sopas diferentes que seguro que atopas unha que che encha o ollo. En Galicia tamén hai algunhas sopas, aínda que eu non as chamaría así. As sopas locais teñen máis de cocido que de sopa.

Aínda que non haxa sopas axeitadas, hai moito pemento, un tipo particular de pemento. Como co xamón, o pemento é algo único. As pequenas verduras verdes chámanse pementos de Padrón. Que os fai tan diferentes? Trátase de pequenos pementos orixinarios do concello coruñés de Padrón e cultívanse en toda Galicia. As verduras frítense, xa o adiviñaches, en aceite. E *voilà*, a túa delicia está lista. Persoalmente non me apaixonan, pero é que, se estamos por ser sinceros, a cociña galega non é a miña preferida. Síntoo, Galicia. Por outra banda, dende que vivo aquí animeime a experimentar coa comida chegando a gozar na cociña. Antes de Galicia case non sabía cociñar. Os bocadillos eran a miña primeira opción e nunca cheguei a saber facer unha comida quente. A fame é unha especie de emerxencia que debe abordarse de inmediato. Os bocadillos fan o traballo máis rápido.

Agora algunhas palabras sobre a cervexa. É unha institución aquí... así como noutros lugares do mundo. A mais famosa beberaxe local é a Estrella Galicia. Está ben, moi ben... non serei eu quen economice eloxios. Todo comezou en 1906 cando se fundou tradición. Incluso hai unha cervexa dedicada a ese ano. A 1906 ten un contido alcohólico lixeiramente superior ao

tradicional (6,5%). O fundador tivo que ter un forte impulso interior para establecer unha empresa familiar tan grande e lonxeva.

A Estrella é máis forte que unha cervexa media, sérvese mellor fría e, se é posible, con algunhas olivas. Para os verdadeiros afeccionados á cervexa, hai un país das marabillas que abriu as súas portas en 2019, MEGA — Mundo Estrella Galicia. "Moito máis que un museo onde podes aprender sobre as nosas raíces, descubrir a nosa cultura da cervexa e ter unha experiencia que implica os cinco sentidos", escribe a páxina de inicio. Parece un bo plan, especialmente cando se admite que o noso coñecemento sobre a fabricación de cervexa pode non ser o máis profundo. Canto sabemos realmente sobre os métodos, as técnicas e a maquinaria de procesamento de materiais dunha fábrica de cervexa? Nunca tentei elaborar a miña propia cervexa, aínda que é unha idea que non desboto. O mesmo ocorre co viño. As uvas medran en Galicia moi ben, coñezo xente que fai o seu propio viño. Coñecéndome, é probable que tamén experimente. O desexo de descubrir territorios descoñecidos é a natureza humana.

Sobremesas! Ahh, o meu tema favorito. Son unha gran larpeira! Aínda que coñezo ben as desvantaxes

do consumo de azucre, teño demasiado de hedonista. Na área de repostería Galicia ten algo memorable que ofrecer. Algo bo. Que é? É un bolo de améndoa chamado Tarta de Santiago. Mentres que Estonia é famosa polo Vana Tallinn (vello Tallinn en estoniano), un licor escuro e robusto a base de ron, Galicia éo pola súa torta.

Outra cousa famosa é a empanada. É unha bola de pan ó forno con recheo. Como unha especie de “calzone” galaica: aos galegos encántalles a empanada, dado que combina con todo é un clásico de pícnicos e aperitivos. A receita é moi sinxela. Dobra unha masa sobre o recheo feito de cebola, pemento doce e outros ingredientes dispoñibles. Enfórnao e todo o que precisas para un bo agasallo culinario está listo. Iso sí, prepárate para que o sabor fique na boca por horas. A empanada é un bocado de verdade.



Festival do Polbo

Ós galegos e ás galegas encántalles celebrar festas. Hai unha serie de festas de aldea dedicadas a tódolos santos habidos ou por haber. Encantador, non si? Na costa do océano Atlántico hai unha pequena vila de pescadores chamado Mugarbos. Cada ano ten lugar algo peculiar que fai desta vila un sitio recoñecido en toda Galicia. A saber, un festival dedicado ó seu “santo” local, a Festa do Polbo. Todos os sitios posibles están decorados con algo que ten que ver cos polbos. Tamén se usan flores, que tipo de celebración pasa sen elas? Isto fai que a imaxe xeral sexa aínda máis multicolor.

Como concluíno no punto anterior, a comida é un elemento clave en todas as celebracións. A festa do polbo non é unha excepción. Á xente de Mugarbos encántalle comer e o obxectivo principal do festival é darlle ó dente. Non hai que darlle moitas voltas para convocar milleiros de persoas ao redor dunha gran mesa. Todo a vila é como unha gran combinación de cociña, cafetería e festa. O polbo sévese como a tradición local manda: con cebola, pementos e patacas. Unha embarcación vai dun lado ó outro da ría, levando e traendo os comensais. Aqueles de estómago máis duro fan a navegación sen ningunha interrupción inconveniente; os individuos máis

débiles poden acabar sentindo unha necesidade urxente de regurxitar pola borda como as gaivotas que alimentan os seus bebés. A esmorga dura ata altas horas. Sospeito que o pobre polbo non é máis que unha escusa para encontrar amigos e familiares e celebrar xuntos a vida.



POR ÚLTIMO, PERO NON MENOS IMPORTANTE

O escrito que tes nas túas mans agora mesmo forma parte do meu descubrimento persoal de Galicia. As experiencias descritas son só un fragmento do que me pasou durante estes máis de tres anos vivindo en Galicia. Principiante nestas terras, a miña viaxe non fixo máis que comezar. Pero non teño présa porque o meu propósito non é algún tipo de meta final, senón o proceso en si. E sempre podo cambiar de opinión e tomar algunha outra dirección. E ti tamén. A onde te levará o teu camiño? Independentemente da túa viaxe terreal, deséxoches unha aventura extraordinaria.

Bo Camiño!

